

ACTA NÚM. 3 DA SESIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A

Na Casa do Concello de Muros ás 13.00 horas do once de xullo de dous mil dezaseis, reúnese o tribunal para a contratación laboral temporal dun/ dunha normalizador/a lingüístico/a, segundo as bases aprobadas por resolución da alcaldía do día 3 de xuño de 2016.

PERSOAS ASISTENTES:

Presidente: D. Ramón Manuel Formoso Fernández

Secretario: D. José Manuel Mayo Priegue

Vogal: D^a. Noelia Louro Louro.

Primeiro.- Vista a reclamación efectuada por Marta Negro Romero ao primeiro exame de normalizador/a lingüístico/a, cabe sinalar o seguinte:

- En relación á **pregunta 28**, no exame non se fai referencia a estrutura básica dun documento administrativo senón que se fala das partes que compoñen un documento administrativo segundo o Manual básico de documentación administrativa xurídica (2010) da EGAP, a alegación formulada estimaríase para o caso de facer referencia unicamente a estrutura básica de ditos documentos pero o manual fai referencia a que *“cada documento estrutúrase en catro partes: a cabeceira, o corpo, o peche e os anexos”*, polo que non cabe estimar a reclamación a esta pregunta.
- En relación ás **preguntas 2 e 3** relativas á Toponimia do concello non se está a falar dun núcleo de poboación, senón dun topónimo, neste caso un accidente costeiro polo que tal e como se pode comprobar no buscador de toponimia da Xunta, figura como “Raimundez”, e non como manifesta a aspirante “Reimundes”, polo que non cabe estimar as alegacións presentadas.

Segundo.- Este Tribunal antes de proceder á corrección da primeira proba e visto o erro que figura nas bases que rexen a presente convocatoria en canto a puntuación máxima e a puntuación de cada pregunta, cabe sinalar que onde di “ a puntuación máxima será de 10 puntos” debe sinalar “ a puntuación máxima será de 15 puntos”, tal e como se comproba do valor máximo asignado a cada pregunta, polo que se trata dunha simple corrección aritmética, en todo caso considerarase que superaron a proba todas aquelas persoas aspirantes que obteñan unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Muros, 12 de xullo de 2016